Radicais e pragmáticos: do nacionalismo galego a finais do século XX

Xosé M. Núñez Seixas

O éxito electoral do Bloque Nacionalista Galego (BNG) nas eleccións autonómicas de outubro de 1997, obtendo o 24,8 por cento dos sufraxios válidos (395.556) e relegando á terceira posición á coalición entre o PSOE, Esquerda Unida-Esquerda Galega e Os Verdes, semella ter collido a contrapé, cando non ter abraiado completamente, ós comentaristas políticos e ata académicos españois e estranxeiros. Para algúns deles, tratábase dun "novo nacionalismo" creado por efecto imitación dos máis asentados do País Vasco ou Cataluña. Xa que logo, na óptica daqueles sería preciso poñer un definitivo freo á evolución do sistema autonómico e mesmo, segundo expresaron diversos dirixentes do PSOE e do PP, reformar a Lei Electoral para empecer o crecemento dos nacionalismos periféricos.

A maiores de desenfocadas, e de dubidosamente democráticas nalgúns casos, tales reaccións traducen a endémica ignorancia coa que a Historia e mais a dinámica política de Galicia son xulgadas no exterior. Xa que nin o nacionalismo galego é un fenómeno novo, pois conta con 150 anos de historia, tendo coñecido un intre de apoxeo relativo durante os anos 30 deste século e mantendo unha presencia constante na vida política e social do país (aínda que máis feble que os seus homólogos vasco e catalán); nin o seu crecemento espectacular o é tanto de enxergarmos a progresión continuada nos últimos dez anos e mais o peso relativo dos nacionalistas noutros eidos, por exemplo no sindical, e non digamos no cultural. Doutra banda, a tradición ideolóxica do galeguismo é claramente nacionalista desde 1916-1918 coa fundación das Irmandades da Fala, e o seu perfil político-ideolóxico actual non é en absoluto comparable ós confusos *autonomismos rexionalistas* de Coalición Canaria, Unió Valenciana, Partido Aragonés Regionalista ou outras forzas de centro-dereita que xurdiron en diversas comunidades autónomas ó abeiro da xeneralización do sistema autonómico e da conversión oportu-

nista ó rexionalismo de elites locais antigamente vencelladas a UCD —ou ó franquismo en moitos casos— durante os anos 80[1].

Con todo, certo é que o nacionalismo galego é atípico dentro do contexto hispánico, e aínda dentro do contexto xeral europeo. Na actualidade é un movemento sociopolítico maioritariamente de esquerda, e foi o único deica hoxe que foi quen de rebordar ó PSOE desde a esquerda por unha diferencia superior a cinco puntos porcentuais. Así mesmo, foi quen de acadar unha presencia política significativa sen un apoio importante da burguesía do país, seguindo unha evolución sumamente peculiar no ideolóxico e no organizativo. Aturou unha dura travesía do deserto durante os anos da Transición e Consolidación democráticas; pero só na década dos 90 Breogán semella ter comezado a espertar do seu letargo de séculos.

Neste artigo preténdese só ofrecer unha panorámica da evolución e situación presente do nacionalismo galego no derradeiro cuarto do século XX, atendendo ás correntes que se sucederon e conviviron dentro del desde 1975 nun breve percorrido histórico, e ensaiando unha reflexión sobre o seu estado presente e expectativas futuras. Se ben a escaseza dos estudios sobre a evolución do nacionalismo galego desde a Guerra Civil obrigará tamén a unha certa prudencia nas interpretacións que seguen.

UNHA LENTA ADAPTACIÓN (1975-1989)

No período que parte da transición democrática (1975-1990) e a posterior estabilización do réxime monárquico-constitucional español, a instauración tanto dun sistema democrático como dunha estructuración territorial descentralizada (o Estado das Autonomías) tivo tamén unha traducción en Galicia, aínda que contou co refugo inicial das forzas políticas nacionalistas. En 1976, os principais partidos nacionalistas e representantes das dúas correntes anovadoras xurdidas nos anos 60, a marxista-leninista (Unión do Pobo Galego, UPG) e mais a socialista democrática (Partido Socialista Galego, PSG), xuntamente cun minúsculo Partido Galego Social-Demócrata (PGSD) e o *autoxestionario* Partido Carlista, crean un órgano de coordinación propio, o Consello de Forzas Políticas. Este elabora unha alternativa rupturista (*Bases Constitucionais*) para a consecución dun Estado confederal previo recoñecemento do dereito de autodeterminación das nacións que o integrarían, así como un programa de medidas económicas para

1. Para unha visión xeral da historia do nacionalismo galego desde as súas orixes á actualidade, remitimos a Beramendi J. G. e Núñez Seixas, X. M. *O nacionalismo galego*. Ed. A Nosa Terra, Vigo, 1996, 2ª ed.

adoptar por un Goberno provisional galego, que desenvolvían os principios expostos pola AN-PG en 1975[2]. O Consello, porén, durou só poucos meses, xa que en novembro de 1976 a UPG, que se opuxo á entrada nel do Movemento Comunista, provocou a súa ruptura. Con iso fracasaba o tento de influír unificadamente no proceso político da transición desde unha perspectiva nacionalista unificada, deixando o protagonismo na negociación co goberno Suárez nas mans dos partidos da oposición democrática de ámbito español, representados na versión galega da *Platajunta*, a Táboa Democrática de Galicia (integrada por PSOE, PCG, PSP, PTE e ORT), que incluía nas súas reivindicacións a recuperación do Estatuto de Autonomía de 1936. As eleccións xerais de 1977 puxeron dramaticamente ó descuberto a falla de aceptación popular das teses dos nacionalistas de esquerda: entre PSG e a nova organización política creada pola UPG e mais a ANPG, o Bloque Nacional-Popular Galego (BNPG) obtiveron a penas un 4,4 por cento dos sufraxios. Pola contra, a federación galega do PSOE, que contaba ata entón cun moi escaso implantamento en Galicia, acadaba tres deputados e unha presencia importante entre o electorado urbano. O resto dos deputados correspondentes a Galicia foron parar a UCD e a AP.

A remolque da presión exercida polos nacionalistas cataláns e vascos, Galicia foi considerada polos constituíntes *nacionalidade histórica* en igualdade de dereitos, malia que os galeguistas non xogaron niso case ningún papel. O Estatuto de Autonomía de Galicia plebiscítase e apróbase en decembro de 1980 cunha moi baixa participación (28 por cento), despois de varias vicisitudes —que pasaron por un tento por parte da UCD de "recortar" o acado competencial da autonomía galega, outorgando preeminencia lexislativa ó Estado central, o que provocou a reacción de toda a esquerda e ata de boa parte da UCD galega[3]—. Nos anos sucesivos consolídase e desenvólvese o marco institucional autonómico, o que confire á actividade política galega unha nova dimensión e ó mesmo tempo serve de estímulo, directa ou indirectamente, para o afortalamento da consciencia de identidade disterada do país[4]. E a consolidación da reforma pactada (a Transición) obrigou tamén a todos os actores a afacerse ó novo contexto. Adaptación que tivo lugar con ritmos diferentes na maioría do espectro partidario do nacionalismo galego.

2. *Vid.* Consello de Forzas Políticas Galegas. *Medidas económicas pra un programa de Goberno Provisorio Galego. Bases constitucionáis pra a participación da Nación Galega nun Pacto Federal e de Goberno Provisorio Galego*, s.l.: s. ed., abril 1976.

3. Gaciño, X. e Rivas, M. *Informe dunha frustración. As claves do proceso estatutario galego*. Ed. do Rueiro, A Coruña, 1980, e Reimóndez Portela, M. *O Estatuto dos 16*. Galaxia, Vigo, 1979.

4. Portero, X. A. e Máiz, R. *As institucións políticas no Estatuto de Autonomía de Galicia*. Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela, 1988; Sequeiros, J. L. *O muro fendido. Cambio social e comportamento político en Galicia*. Edicións Xerais, Vigo, 1993.

O nacionalismo galego no seu conxunto mantívose entre 1979 e 1989 nun teito de voto dun 12-15 por cento —coa excepción do ano 1985—, dividido ademais entre varios partidos, o que debilitaba a súa representatividade política en detrimento da súa proxección social real. Á dispersión e diversificación da oferta ideolóxica nacionalista uníase a hexemonización desproporcionada da esquerda neste espacio, a política de *superoferta* e maximalismo estratéxico practicada por una parte do nacionalismo, que o alonxaba das demandas reais e inmediatas da maioría dos cidadáns ós que dirixía a súa mensaxe, e a captación de boa parte dos cadros políticos galeguistas polos grandes partidos estatais[5].

En xeral, a poboación galega amosa unha maior inclinación a votar por partidos galeguistas nas eleccións autonómicas, mentres nas eleccións estatais opta preferentemente polos partidos de ámbito español (ó igual que ocorre noutras *nacionalidades históricas* do Estado), como se pode apreciar no cadro 1.

CADRO 1

RESULTADOS ELECTORAIS AGREGADOS DOS PARTIDOS NACIONALISTAS (EN %).

Eleccións xerais

1977	**1979**	**1982**	**1986**	**1989**	**1993**	**1996**
6,72	11,22	4,61	11,9	9,52	13,97[6]	13,1

Eleccións autonómicas

1981	**1985**	**1989**	**1993**	**1997**
12,73	24,77	16,97	22,34[6]	25,1

Logo de 1975, son observables certas continuidades en canto ás expresións organizativas, a base social e a evolución ideolóxico-política do nacionalismo galego, aínda que tamén son de salientar algunhas mudanzas. Entre 1977 e 1994, o movemento nacionalista permaneceu moi dividido politicamente, existindo durante ese período cando menos cinco

5. Para un achegamento á historia política do nacionalismo galego desde os anos 60, *vid.* (sen sermos exhaustivos) Domínguez Castro, L. e Quintana Garrido, X. R. "Nacionalismo radical, transición y proceso autonómico en Galicia (1975-1990)", en J. Tusell et al., *Historia de la transición y consolidación democrática en España.* UNED, Madrid, 1995, vol. I, pp. 457-73; Quintana, X. R. "El nacionalisme gallec, de la posguerra ençà", en *L'Avenç* 197, 1995, pp. 6-11, e 198, 1995, pp. 6-11; Beramendi/Núñez, *O nacionalismo galego*, pp. 209-314; Máiz, R. "*Nación de Breogán*: oportunidades políticas y estrategias enmarcadoras en el movimiento nacionalista gallego (1886-1996)", en *Revista de Estudios Políticos*, 92, 1996, pp. 33-75, e Núñez Seixas, X. M. "National Reawakening within a Changing Society: The Galician Movement in Spain (1960-97)", en *Nationalism & Ethnic Politics*, 3:2 (1997), pp. 29-56.

6. Inclúe os resultados da coalición entre Esquerda Unida e Unidade Galega (UG-EU), na que só UG pode ser considerada nacionalista. O BNG obtivo nas eleccións xerais de 1993 unha porcentaxe do 8 por cento, e nas autonómicas do mesmo ano un 18,8 por cento. Igualmente, tamén se inclúen desde 1985 os resultados de CG, por máis que o nacionalismo desta forza, como se verá, fose máis que dubidoso desde o punto de vista ideolóxico.



tendencias, segundo resumía J. G. Beramendi en 1990: 1) o nacionalismo marxista-leninista, independentista e antisistema, de praxe revolucionaria; 2) o nacionalismo marxista-leninista e teoricamente antisistema, pero crecentemente pragmático e que abala entre o independentismo e o confederalismo; 3) o nacionalismo socialista democrático, de orientación federalista ou confederalista; 4) o nacionalismo socialdemócrata, de tendencia federalista; e 5) un nacionalismo liberal feble e de fustrada xestación. As cinco tendencias coexistiron caoticamente ás veces nas mesmas organizacións, con maiores ou menores predominios dunhas e doutras[7]. En función da combinación dese criterio e da súa plasmación organizativa, podemos á súa vez establecer tres grandes divisións: o nacionalismo marxista-leninista de orientación populista, que chamaremos nacionalismo "popular"; o nacionalismo socialista democrático, e o nacionalismo de centro. Á parte, situaríase a evolución autónoma do sindicalismo nacionalista, o único eido onde tendeu a imperar o pragmatismo e mais a unidade de acción, polo menos desde comezos dos 90, e onde a tendencia de implantamento social seguiu unha liña continua e lenta, pero vigorosamente ascendente.

a) *O nacionalismo "popular"*

O nacionalismo de raigame ideolóxica marxista-leninista e de praxe populista está representado nun comezo pola UPG, a ANPG e o BNPG (disoltos en 1982) como plataforma pluralista de actuación política. Esta tendencia caracterizouse durante os primeiros anos da Transición pola súa intransixencia fronte a calquera concesión que supuxese unha renuncia ó dereito de autodeterminación e mais a súa oposición á reforma política, mantendo unha posición rupturista. O que conduciu ó

7. Beramendi, J. G. "Aquén e alén dun debate parlamentario", en *A Trabe de Ouro* 2, 1990, pp. 179-93.

BNPG e ás organizacións integradas na súa órbita a rexeitar tanto a Constitución de 1978 coma o Estatuto de Autonomía de 1980. Como alternativa defendíase un programa confederal para o Estado español, baseado no recoñecemento do dereito de autodeterminación de Cataluña, Galicia e Euscadi, e que se espremía nas chamadas *Bases constitucionais* elaboradas polo Consello de Forzas Políticas[8]. A intransixencia do BNPG levouno ó illamento político, só compensado co achegamento temporal do PSG —despois do fracaso de Unidade Galega— ás súas teses entre 1980 e 1982, logo da constitución en xullo de 1980 da Mesa de Forzas Políticas Galegas. De aí xurdiu a coalición electoral BNPG-PSG, que se presentou ás primeiras eleccións autonómicas de 1981 para seguir unha estratexia de mínima adaptación ó novo contexto: o participar no marco autonómico "cunha táctica e unha alternativa que o supera cualitativamente, de tal maneira que sirva para reforzar a consecución dos nosos obxectivos de soberanía nacional sen quedar anulados ou aillados na nosa actuación política", mais aproveitando os seus resortes para fortecer a consciencia nacional do pobo galego e aspirando á mudanza do contexto constitucional e autonómico[9]. Neses primeiros comicios autonómicos, a coalición obtivo tres deputados (co 6,17 por cento dos votos), expulsos ó pouco tempo por negárense a xurar a Constitución española, requisito que semellaba naquela altura inaceptable simbolicamente. Porén, a consolidación do marco autonómico ó longo dos anos 80 e as consecuencias do tento de golpe de Estado de febreiro de 1981, xunto coa constatación de a estratexia maximalista conducir ó fracaso e mais ó illamento, foron determinantes en aprofundar a lenta reorientación táctica do nacionalismo "popular" despois de varias crises internas que tiveron lugar dentro da UPG en 1981-1982.

O labor de mobilización permanente e de expansión social do nacionalismo "popular", capitalizada a través da ANPG no período 1975-1979 gracias ó traballo duro dunha militancia estendida e á implicación en diversos movementos sociais (mobilizacións campesiñas e obreiras, conflictos locais contra da instalación de celulosas ou centrais nucleares, etc.), a fundación de asociacións culturais, a expansión da organización de estudiantes ERGA e mais a promoción de plataformas veciñais, fornecera a esta corrente política dunhas bases sociais e unha infraestructura organizativa bastante sólida[10]. Iso garantiu a súa pervi-

8. *Vid. Alternativa do Bloque Nacional Popular Galego. Medidas políticas, económicas, socio-culturais pra un programa de Goberno Provisorio Galego*, s.l.: s.f., 1978.

9. *Galicia Socialista*, xullo 1981, p. 4. O programa da coalición BNPG-PSG recuncaba nos mesmos termos: *vid. Galicia Socialista*, outono 1981, p. 1.

10. *Vid.* o monográfico *Na Defensa da Terra: Xove, As Encrobas, Baldaio, Autopistas... Crónica do nacionalismo na Transición*, en *Cadernos A Nosa Terra de Pensamento e Cultura*, n. 23, 1997. Para o sindicato ERGA e as organizacións nacionalistas estudantís en xeral, *vid.* os varios artigos recollidos en VV. AA., *ERGA. Un lume que prendeu*. CAF-CAE, Santiago de Compostela, 1997.

vencia futura, en detrimento doutras forzas que competían nun espacio semellante e que ficaron moi rezagadas desde comezos da Transición, como foi o PCG, forza sobranceira da oposición antifranquista deica 1975. Os froitos do traballo organizativo do nacionalismo "popular" e mais o seu bo implantamento territorial xa se demostraran nas primeiras eleccións municipais celebradas en 1979: o BNPG presentou 164 candidaturas (2.610 candidatos) cubrindo o 52,5 por cento dos concellos galegos (fronte ás 172 que presentou o PSOE, as 43 de Unidade Galega e as 37 do PCG), e obtivo un 7,18 por cento dos sufraxios, 258 mandatos e 9 alcaldías, sendo os resultados relativamente mellores en zonas rurais e na provincia de Lugo. Engadíase a iso a influencia directa do nacionalismo "popular" sobre o sindicalismo obreiro e labrego de filiación nacionalista: o primeiro obtiña en 1980 un 17,48 por cento dos delegados sindicais. Todo isto amosaba que o nacionalismo "popular", malia ser minoritario, non era insignificante no panorama político de Galicia.

A finais de 1982, o conxunto de sectores que integraban o BNPG formou, xunta outros grupos de esquerda nacionalista (coma o Colectivo Socialista, esgazado do PSG e que se sumou en 1983) e nacionalistas independentes, unha coalición política de carácter frontista e interclasista, o BNG, nado dunha reformulación estratéxica do proxecto inicial da ANPG —que se autodisolve—. A nova fronte nacionalista pasou a ser liderada polo antigo líder do PSG Xosé Manuel Beiras, retirado da política entre 1977 e 1981 e que volvía á area política con propostas máis radicalizadas. Beiras contribuíu moito, co seu liderado carismático e capacidade mediática (que se fortaleceu desde entón), a moderar a imaxe inicial de radicalismo do nacionalismo "popular" e a que este adoptase, sobre todo ó longo da segunda metade dos anos 80, unha estratexia crecentemente posibilista. Esta pasaba polo abandono paulatino do programa das *Bases constitucionais* e empezou a considerar a autonomía como un primeiro paso cara á consolidación do autogoberno galego. Iso implicaba tamén que a participación nas institucións autonómicas debía efectuarse de xeito pragmático e sen prexuízo de que o BNG seguise a considerar o marco constitucional como claramente insuficiente e aspirase como horizonte estratéxico á soberanía política de Galicia[11].

Nas eleccións autonómicas de 1985, o BNG obtivo un 4,2 por cento dos votos e un acta de deputado para Beiras, que desta vez si participou nas regras do xogo institucional. A moderación en imaxe foi fortalecida ademais polo refugo explícito e continuado da violencia, tentación que engadou a varios sectores da UPG a mediados dos anos 80 que non secundaron a opción posibilista do partido e, liderados polo secretario xeral Mariano Abalo, esgazaron no seu V Congreso (marzo

11. *Vid.* por exemplo Beiras, X. M. *Constitución española e nacionalismo galego: unha visión socialista.* Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, A Coruña, 1985.

de 1986), fundando ó pouco tempo o Partido Comunista de Liberación Nacional (PCLN), que poucos meses despois abandona o BNG. A ruptura de relacións políticas con Herri Batasuna (HB) desde 1987 e mais o aprofundamento na liña de posibilismo estratéxico afirmado na Asemblea do Carballiño do mesmo ano foi acompañado dunha meirande apertura do BNG a sectores ideolóxicos e sociais máis plurais, aproveitando os diversos tentos de artellar unha candidatura nacionalista unificada para as eleccións europeas e forxando o lema do *proxecto común*. Esa estratexia de adaptación ás circunstancias e moderación estratéxica e de imaxe rendeu os seus froitos especialmente desde as eleccións autonómicas de 1989 (5 deputados, 8 por cento dos votos), cun avance espectacular nas de 1993 (13 deputados e 18,9 por cento dos sufraxios), consolidado con altos e baixos nos anos seguintes ata o 24,8 por cento no 1997, superando ó PSOE. No camiño, o BNG eliminou a todos os seus competidores dentro do eido nacionalista, relegándoos á marxinalidade ou absorbéndoos noutros casos.

En realidade, o BNG aspira desde o seu nacemento, continuando coa liña estratéxica da ANPG e o BNPG, a ser unha sorte de *comunidade* que encarne a nación galega en marcha, formulada en clave de fronte interclasista de liberación. Para iso mantén un esquema ideolóxico básico que se retrotrae a unha *contradicción fundamental* entre Galicia e España, fundamentada na dicotomía centro-periferia, sendo Galicia unha *colonia interior* dentro do Estado español e da Europa occidental; o que permite afirmar a existencia de intereses comúns a todos os cidadáns galegos, por riba das diferencias de clase, e orientar unha estratexia política que se centra, especialmente despois de 1986, na defensa dos sectores productivos fundamentais da economía galega (pesca, agricultura e gandería, construcción naval, etc.) ameazados primeiro polas reconversións industriais dos 80 e despois polas esixencias impostas pola adhesión de España á Unión Europea (UE). De aí que o BNG se opoña frontalmente ó actual modelo socioeconómico imperante na UE, ó igual que o BNPG e mais a UPG desde 1977, e denuncie o Tratado de Maastricht por considerar que este só conducirá á hexemonía do capital transnacional e mais á conversión de Galicia nun país dependente[12].

Xunto diso, porén, seguiron e seguen a coexistir dentro do BNG sectores politicamente moi dispares, unidos só polo *proxecto común* nacionalista: desde a ortodoxia marxista-leninista (UPG) e comunista (Inzar, grupo formado polo antigo MCG e mais a LCR, desde 1993) ata

12. Bloque Nacionalista Galego, "O Tratado da Unión Europea (TUE) asinado en Maastricht", en *A Trabe de Ouro* 12, 1992, pp. 157-66. Para as posicións da UPG e mais da ANPG a respecto da CEE, *vid.* Domínguez Castro, L. e Quintana Garrido, X. R. "El discurso internacional del nacionalismo gallego durante la Transición a la democracia", en J. Tusell (ed.), *La política exterior en España en el siglo XX*. UNED, Madrid, 1997, pp. 633-44.

o centrismo liberal (PNG), pasando por diversos matices dentro da esquerda socialista e socialdemócrata (Esquerda Nacionalista [1991], Colectivo Socialista, Unidade Galega [1994]), a organización de mocidade Galiza Nova (constituída no ano 1988), o colectivo independentista de esquerda radical Primeira Liña (formado en 1996) e centos de militantes independentes, probablemente a figura máis numerosa. Mais o control real da organización frontista segue a corresponder na práctica á UPG, gracias á súa sólida estructuración como partido e á súa maior cobertura territorial. Este partido "vertebra" realmente o BNG desde o punto de vista organizativo, ten un 32 por cento dos membros do Consello Nacional, e copa ata o de agora a maior parte dos postos de parlamentario en Santiago e en Madrid[13].

Non embargantes, a UPG aínda non acometeu unha revisión ideolóxica explícita das súas teses tradicionais, máis alá das adaptacións estratéxicas. Aquela segue a considerar ó BNG como a *fronte* precisa para acadar a plena consecución da soberanía de Galicia, e dentro da cal o partido marxista-leninista seguiría a asumir o papel de guieiro. Mais, ó mesmo tempo, a estratexia política da UPG vólvese crecentemente pragmática e moderada —malia manter certo radicalismo en pronunciamentos e actitudes, contentando así a parte da súa militancia—. O que ten provocado diversas escisións independentistas radicais e partidarias da *loita armada* (segundo o modelo de HB) desde finais dos anos 70. Malia a súa presencia ser importante entre os cadros sindicais, a incidencia organizativa e político-electoral destas últimas ten sido mínima ata o de agora.

A caída dos réximes prosoviéticos logo de 1989 non provocou mudanzas substanciais nas teses ideolóxicas fundamentais sostidas pola UPG. No seu VII Congreso (1991), o partido mantívose nos seus obxectivos a longo prazo, concretados nun confuso independentismo: "A instauración dun Estado galego democrático e popular que articule as medidas que dean fin á colonización que padece o país, materialice o poder da alianza das clases traballadoras galegas e sente as bases para a construcción do socialismo camiño da sociedade comunista", contra do inimigo sobranceiro do pobo galego, "a burguesía monopolista española, que domina o aparato do Estado, através do cal, contando coa colaboración da burguesía intermediária interna, mantén unha opresión capitalista colonial

13. O Consello Nacional de 25 membros elixido na VII Asemblea Nacional (decembro 1995) tiña a seguinte composición: UPG, 8 (32%); Esquerda Nacionalista, 4 (16%); Colectivo Socialista, 2 (8%); Unidade Galega, 2 (8%); Inzar, 1 (4%), Galiza Nova, 1 (4%), e independentes, 5 (20%). Dos 13 parlamentarios autonómicos elixidos en 1993, 7 pertencían á UPG (53,8%), 2 a Esquerda Nacionalista (15,4%), e o PNG, Colectivo Socialista, Inzar e independentes contaban con un cada un (7,7%). O aumento a 18 deputados autonómicos no 1997 ten feito descer as porcentaxes de predominio da UPG. *Vid.* Márquez Cruz, G. *Las élites parlamentarias de Galicia (1977-1996).* IDEGA, Documentos de Traballo Historia-5, 1997, p. 47.

en Galiza"; a estratexia a seguir continuaba invariable, "potenciar o Movemento Nacionalista Galego contra o imperialismo español e os seus aliados na Galiza, considerando que esta é unha loita anticolonial e antimonopolista". No seu VIII Congreso, celebrado en 1994, a UPG abriuse cara á aceptación da autonomía como primeiro paso para a consolidación do autogoberno galego, reclamando a necesidade de asumir responsabilidades de goberno e valorando a Xunta de Galicia como o primeiro banzo desde o que, malia as súas limitacións, se poden aproveitar os seus recursos de estar en mans nacionalistas para "cambiar radicalmente a dialéctica política dentro e a imaxe e función do país cara afóra", continuando inmutable en todo o demais (esquema centro-periferia, interpretación de Galicia como unha colonia, etc.)[14]. E esa liña veu confirmada polo aínda maior pragmatismo que dominou o seu IX Congreso, celebrado en febreiro de 1997. Nel, a organización amosouse disposta a renuncias programáticas en prol dun necesario pacto de coalición co PSOE, na perspectiva de que o actual marco institucional permite transformacións graduais, aínda sen renunciar ós sinais básicos de identidade ideolóxica da UPG[15]. Nembargante, ó tempo que se ten imposto un acusado pragmatismo que a leva a considerar a autodeterminación un obxectivo estratéxico —e que, segundo expresou recentemente o seu presidente, Bautista Álvarez, non consistiría tanto nunha votación concreta como no exercicio paulatino do autogoberno e a consecución progresiva de maiores cotas de soberanía[16]—, o discurso ideolóxico da UPG semella apontar nos últimos anos, como contrapeso á perda de significación do enfoque marxista-

14. Ponencia política e estatutos do VII Congreso da UPG, reproducidos en *A Trabe de Ouro* 9, 1992, pp. 141-46; *VIII Congreso da UPG. Textos a debate*, Santiago de Compostela, UPG, 1994. Neste derradeiro texto apréciase claramente que se mantén a interpretación de Galicia como unha colonia, víctima do esquema centro-epriferia (6-7); deféndese o nacionalismo como alternativa necesaria, xa que o colonialismo "converte en proletárias ás nacións oprimidas", polo que "calquera proxecto revolucionário pasa nelas por unha alianza de clases que se concreta no modelo nacionalista" (p. 8), sendo os movementos nacionalistas os máis eficaces para combater o capitalismo, "pois este ten no imperialismo a vía para reproducirse e para obter as plusvalías". O nacionalismo ha ser de esquerda para conseguir a absoluta liberación de Galicia (8-9), o que non exclúe a necesidade estratéxica da opción frontista dentro do BNG.

15. *Vid.* UPG, *Resolucións políticas do IX Congreso 22 e 23 de Febreiro* 1997, Santiago de Compostela: Ed. Terra e Tempo, 1997. Os principios ideolóxicos seguen inalterables, se ben o pragmatismo estratéxico e a identificación co proxecto do BNG gañan peso. No seu discurso inaugural, Bautista Álvarez fixo fincapé en que o partido se mantiña fiel ó marxismo, "que, ademais de servirnos para modificar estruturas dun modelo que actúa na raíz que sustenta a explotación de clases, permítenos baixar ás orixes onde nace a opresión dos povos", e afirmaba a súa preferencia polo "modelo socialista", se ben deixando un oco á pequena burguesía, continuando coa liña tradicional do nacionalismo "popular": "En lugar de burgueses preferimos proletários. Fronte á tiranía do capital, defendemos ao labrego, ao mariñeiro, ao pequeno comerciante. Os nosos amores son de Cuba e non do Tio Sam" (p. 14).

16. *Vid.* entrevista con B. Álvarez en *La Voz de Galicia*, 18-X-1997, p. 63. Nela, Álvarez afirma que a UPG mira que os obxectivos fundacionais "se están a acadar" e que "a liberación nacional irá cristalizando na autodeterminación", pero esta non é "entendida como un referendo" senón como un "proceso lento, no que xa estamos metidos. Cada

-leninista, unha acentuación da compoñente nacionalista-esencialista. Así semella amosalo a teima en recuperar unha serie de *mitos* da historia de Galicia, desde o mariscal Pardo de Cela como símbolo da resistencia nacional de Galicia fronte ó colonizador, que daría cabo á "Idade de Ouro" medieval, á recuperación —e reinterpretación— da guerrilla dos anos 40 ou dos comunistas galegos da anteguerra con veleidades galeguistas[17]. A dicotomía entre radicalismo —ou inmobilidade— ideolóxico e ductibilidade pragmática na estratexia acada cada vez maiores proporcións, sendo a evolución futura da UPG, e con ela do conxunto da organización frontista, unha auténtica incógnita. Se ben os indicios presentes semellan apuntar cara ó aprofundamento da liña de moderación.

O nacionalismo "popular" foi quen de resistir organizativamente unha travesía do deserto que durou máis de dez anos, e gracias a un duro e constante traballo organizativo, a promoción de mobilizacións e a presencia activa nos movementos sociais, puido consolidar un implantamento sólido e unha militancia non extraordinariamente numerosa, pero moi dinámica tanto no medio rural (mapas 1 e 2) coma —en proporción menor— no urbano. O que lle permite ademais contar cunha base social bastante diversificada, dispondo dunha apreciable porcentaxe de labregos e sobre todo obreiros asalariados, xunto dun núcleo forte de clases medias e media-baixas, obreiros cualificados e *intelligentsia* nas zonas urbanas e semiurbanas. Xa nos comezos da Transición, os "actores políticos" sobranceiros da UPG-ANPG —é dicir, os 88 militantes e cadros con máis presencia pública— mostraban un claro predominio de mestres e profesores (37,4 por cento), de obreiros asalariados (21,5 por cento) e empregados e funcionarios (15,9 por cento). E os 161 cabezas de lista das candidaturas municipais presentadas polo BNPG no 1979 amosaban un perfil bastante interclasista: 25,46 por cento de labregos, gandeiros e mariñeiros; 26,08 por cento de obreiros asalariados, traballadores cualificados e artesáns; 14,9 por cento de mestres e profesores, 11,79 por cento de funcionarios de rango medio/inferior e empregados, un 6,82 por cento de avogados, economistas e enxeñeiros, un 6,82 por cento de pequenos comerciantes e industriais, e un 3,10 por cento de cregos[18]. Unha tónica semellante semella manterse nos anos 80 e 90 dentro do BNG. Aínda que non dispomos de datos globais sobre a composición

parcela de soberanía que conquistamos é un paso adiante", xa que se a dominación de Galicia foi un proceso lento, "anterior ós Reis Católicos", a súa liberación tamén o vai ser.

17. *Vid.* por exemplo Rodríguez, F. "Un personaxe simbólico: Pardo de Cela", en *Terra e Tempo*, 2ª época, n. 1, 1995, pp. 16-23, e en xeral todos os artigos contidos nese número, adicado á historia de Galicia. Na mesma onda, os chamamentos á "nacionalización" da Historia de Galicia e ó reavivecemento dos mitos son frecuentes en *A Nosa Terra*, xunto coas críticas á "historiografía academicista" encarnada na Universidade e que actuaría como vehículo de transmisión da ideoloxía dominante, etc. etc.

18. Domínguez Castro, L. e Quintana Garrido, X. R. "Contribución a una sociología de los actores políticos en la Galicia de los inicios de la Transición democrática", en Santacreu

socioprofesional da militancia daquela organización, algunhas catas parciais e locais da súa militancia nos anos 90 suxiren unha compoñente tipicamente de camadas medias e medias-baixas, funcionarios, profesores e traballadores cualificados, ademais de estudiantes, no medio urbano; e unha composición social máis interclasista, cun maior peso dos traballadores asalariados, autónomos, funcionarios e algúns labregos e gandeiros, no medio rural e semiurbano, cunha media de idade bastante nova que bambea entre os 28 e os 33 anos[19].

As bases electorais do nacionalismo frontista si que mudaron substancialmente de natureza desde os anos 70. Durante unha primeira etapa, e deica 1989, a xeografía electoral do BNPG/BNG caracterizábase polo seu alto grao de dispersión e a súa maior presencia relativa en zonas rurais e semiurbanas, malia que gardando un equilibrio acusado entre voto urbano e rural. Durante a primeira metade dos anos 90 o BNG consolida e estende os seus apoios electorais cara ás zonas urbanas e semiurbanas, así como á franxa costeira occidental onde se concentra a maior parte da poboación do dinamismo económico da Galicia actual (mapas 3 e 4) —se ben a proporción entre voto urbano e rural segue a ser altamente homoxénea: os votos ó BNG descenden notablemente só en concellos inferiores a 2.000 habitantes en zonas interiores.

b) *O nacionalismo socialista democrático*

A corrente socialista democrática, combinada cunha tendencia socialdemócrata (o PSG, Esquerda Galega desde 1981 ata 1993) non foi capaz de sobrevivir ata o día de hoxe como organización política autónoma, integrándose na súa case totalidade no BNG en 1994. Non embargante, xogou un papel fundamental en dous sensos: aportación de ideas e contidos á construcción do poder autonómico galego, actuando de auténtico "laboratorio de ideas" na vida parlamentaria galega durante unha década; e moderación da imaxe de radicalismo que atinxía ó conxunto do galeguismo por mor da estratexia inicial do nacionalismo "popular", amosando o camiño político posibilista que era preciso seguir para findar co bloqueo social da esquerda nacionalista.

Amais do histórico PSG, que logo da derrota electoral de 1977 sufriu unha fonda crise e fugas de militantes tanto cara ó PSOE como cara a outras opcións e o BNG, inclúense dentro desta corrente algúns sectores

Soler, J. M. (coord.), *II Jornadas Internacionales sobre Historia Contemporánea y Nuevas Fuentes*. Edit. Club Universitario, Alacante, 1997, pp. 357-78; os datos de 1979 son elaboración propia a partir da lista publicada en *Terra e Tempo* 65, marzo 1979, p. 2.

19. Así o apuntan os datos coñecidos das agrupacións do BNG en Compostela (1993), A Estrada (1993) e Ordes (1995), en Beramendi/Núñez, *O nacionalismo galego*, pp. 283-84, así como das de Rianxo e Tui (1996) e O Valadouro (1997), que nos foron amablemente fornecidos polos respectivos activistas locais X. Piñeiro, C. Martínez e P. Vivero.

esgazados da UPG e da AN-PG en 1976-77, que confluíron con núcleos procedentes da extrema esquerda estatal nun novo partido en outubro de 1977: o Partido Obreiro Galego (POG), liderado por Camilo Nogueira. Nun principio, a nova organización mantivo con lixeiras adaptacións a tese do colonialismo interno e a dependencia económica, política e cultural de Galicia dentro da periferia europea, defendía o socialismo democrático e a democracia interna no partido ó tempo que rexeitaba a socialdemocracia. Pero a súa evolución posterior levou ó POG a moderar varios dos seus postulados, adoptando reivindicacións características da "nova esquerda" europea dos 80 (ecoloxismo, feminismo, etc.). Porén, o máis salientable do POG desde o seu comezo foi o seu maior pragmatismo táctico na loita polo autogoberno: a política de alianzas podía atender tanto a criterios nacionalistas como a criterios de clase, e a autonomía considerábase un primeiro paso positivo de seu: dadas as circunstancias do intre, cumpría "conquerir un control progresivo das institucións políticas e administrativas que operan en Galicia, desde os concellos, gobernos e diputacións provinciáis, deica calquera forma de goberno galego que se poida arrincarlle ó actual Estado español", aínda que o obxectivo político futuro do partido sería a transformación do Estado español nunha federación socialista de nacións ibéricas[20]. O POG colleitou uns resultados bastante apreciables nas eleccións municipais de 1979, en coalición co PSG e un resucitado PG (Unidade Galega), con aceptación notable entre as clases medias urbana e semiurbanas: malia presentar só 43 candidaturas, obtivo un 6,35 por cento dos votos globais e 141 mandatos. Pero as diferencias cos restantes partidos nacionalistas á hora de apoiar ou non o proceso autonómico deron ó traste con este primeiro ensaio de unidade galeguista. Perante o referendo autonómico de decembro de 1980, o PSG e o BN-PG pediron o voto negativo, o POG o voto en branco e só o PG o voto afirmativo.

Pouco tempo despois, o POG, con algúns novos aportes, convértese en Esquerda Galega (EG), partido que fai bandeira do posibilismo autonomista e se presenta ás eleccións autonómicas de 1981 como unha "terceira vía" que sintetizaría elementos de progreso dun socialismo non dogmático e un nacionalismo integrador e constructivista. A forte presencia de EG en Vigo e a popularidade do seu líder, Camilo Nogueira, permitíronlle obter un escano no primeiro Parlamento autonómico, cun 3,32 por cento dos votos. Con iso, as forzas nacionalistas sumaban 4 escanos dun total de 71, cunha porcentaxe de voto global (incluíndo o PG, que non obtivo escano) do 12,73 por cento. A división político-organizativa revelábase como un factor decisivo na debilidade institucional do nacionalismo galego.

20. De Toro, S. *Camilo Nogueira e outras voces. Unha memoria da esquerda nacionalista*. Ed. Xerais, Vigo, 1991. Para os principios iniciais do POG, *vid. Resolucións políticas da asamblea constituinte,* s.l. La Voz de Galicia, 1977, e *Bases político-ideolóxicas do Partido Obreiro Galego.* Velograf, Santiago de Compostela, 1979.

Porén, EG, transformada en PSG-EG en 1984 ó fusionarse con boa parte do PSG, adquiriu un notable protagonismo durante os anos 80 no proceso de construcción político-lexislativa da autonomía, gracias en boa parte ó intelixente traballo despregado polo seu único deputado, Camilo Nogueira, no Parlamento galego. Nunha cámara dominada por forzas políticas de moi escasa vontade autonomista (AP, UCD e PSOE), o papel dinamizador correspondeu ó único deputado nacionalista (os 3 do BNPG foran expulsados). Entre 1981 e 1985, Nogueira presentou 14 das 20 proposicións de lei, 24 das 43 proposicións non de lei e 9 das 13 mocións aprobadas pola Cámara galega. E tal papel continuou na lexislatura seguinte[21]. O que revelaba, amais do entusiasmo autonomista do PSG-EG, o feito de que pouco importaba ós demais partidos unha posibilidade de autogoberno só pasivamente asumida. A rendibilización do traballo parlamentario e mais a popularidade crecente do seu líder permitiu ó PSG-EG obter 3 deputados autonómicos nas eleccións de 1985, mentres o BNG ficaba reducido a un.

Aínda que o PSG-EG gozou por uns anos da hexemonía dentro do nacionalismo galego, a súa forza era sensiblemente inferior á do BNG nas eleccións municipais, nas que acusaba o seu escaso implantamento nas zonas rurais e semiurbanas, nomeadamente nas provincias de Lugo e Ourense. Nas eleccións locais de 1987, con todo, fixo patente un notable esforzo de presentación de candidaturas, presentando 84 (32 na Coruña, 26 en Pontevedra, 17 en Ourense e 9 en Lugo) e igualando ó BNG en número de candidaturas na provincia de Pontevedra. No ano 1991, non embargante, o PSG-EG xa non foi quen de manter o ritmo ascendente no implantamento territorial, baixando o número de candidaturas presentadas a 71 (36 na Coruña, 6 en Lugo, 10 en Ourense e 19 en Pontevedra) e sendo xa claramente superado polo BNG (mapa 1)[22]. O partido de Nogueira limitábase a bos resultados en enclaves específicos, sobre todo en Vigo. Doutra banda, o progresivo pragmatismo e moderación táctica do BNG desde 1985 frearon as posibilidades de crecemento do PSG-EG, que ademais viuse incapaz de erosionar seriamente a base electoral do PSOE en Galicia durante os 80 e non conseguiu chegar a unha fusión co PCG, do mesmo xeito que o conseguira Euskadiko Ezkerra no País Vasco. O comezo da fin desta forza política empezou a anunciarse nas eleccións autonómicas de 1989, nas que o PP, presentando a Manuel Fraga como candidato, obtivo un éxito esmagador con maioría absoluta (44,2 por cento dos votos, 38 escanos),

21. Así, entre xaneiro e xullo de 1987 os tres deputados do PSG-EG presentaron 2.764 iniciativas parlamentarias, fronte a 692 do PSOE, 31 de CG, 78 do PNG ou 30 do BNG. *Vid.* "Balance do traballo parlamentário do PSG-EG", *Galiza Socialista* 1, outubro 1987, p. 2.

22. Os datos de 1987 en *A Nosa Terra*, 19-VI-1987, p. 4. Os de 1991 fóronnos fornecidos amablemente polo profesor Guillermo Márquez.

mentres o BNG ascendeu ata o 8,1 por cento e 5 escanos, e o PSG-EG desceu 20.000 sufraxios, ficando nun 3,6 por cento e 2 escanos.

Desde ese ano, á crise xeral de readaptación ideolóxica que afectou ás organizacións de esquerda europeas logo da caída do muro de Berlín, sumouse o estreitamento do espacio político do PSG-EG pola progresiva moderación estratéxica do BNG. A falla de acollida do nacionalismo "popular" ás repetidas chamadas do PSG-EG para acadar a unidade da esquerda nacionalista levou a este derradeiro partido a protagonizar un tento de transformación nunha organización aberta a sectores independentes de centro galeguista. Para iso, creou Unidade Galega en marzo de 1993, mais ó pouco tempo (xuño de 1993) acudiu ás urnas en coalición con Esquerda Unida (EU) —case marxinal en termos político-electorais desde 1985, malia a forza das CC. OO. en Galicia—. Iso supuxo pasar en pouco tempo de primar o eixo galeguismo/españolismo a dar preferencia á dimensión dereita/esquerda, o que non achou comprensión e encosto no electorado. A derrota absoluta do experimento nas eleccións xerais e autonómicas de 1993 rematou practicamente coa existencia autónoma do nacionalismo socialista, que desde 1994 se integrou, fóra dalgúns sectores minoritarios que optaron por EU, no BNG.

A procedencia social da militancia do PSG, POG e PSG-EG restrinxíase case exclusivamente a sectores sociais encadrables da *intelligentsia*, profesións liberais e clases medias urbanas, con escasa proxección entre os sectores obreiros e no medio rural (agás nalgúns núcleos moi localizados e sobre todo en Vigo). En 1993, os 1.130 militantes do PSG-EG distribuíanse do seguinte xeito: 55 por cento de funcionarios, empregados e profesores; 19 por cento de asalariados da industria e dos servicios; 6 por cento de pequenos comerciantes e empresarios; 10 por cento de cadros empresariais e altos funcionarios, 5 por cento de estudiantes e 2 por cento de parados, labregos e amas de casa. En Vigo, non embargante, o 58,12 por cento dos afiliados ó PSG-EG correspondía a asalariados da industria e dos servicios, pero non era así no caso de Santiago ou Ourense, onde predominaban claramente as clases medias, funcionarios e profesores. A distribución territorial das bases do PSG-EG mostraba un peso desproporcionado das provincias atlánticas, e nomeadamente da cidade de Vigo, fronte ás interiores, nas que o partido tiña un feble implantamento[23]. Esas discontinuidades territoriais tiñan traducción nas súas bases electorais: o nacionalismo socialista-demócratico concentrou desmesuradamente os seus votos nas cidades, especialmente nas máis industriais (sobre todo, Vigo, onde o PSG-EG obtiña máis do 30 por cento dos seus sufraxios totais)[24].

23. Datos en Beramendi/Núñez, *O nacionalismo galego*. Op. cit. pp. 285-87.

24. Blanco Valdés, R.; Máiz, R. e Portero, J. A. *Las elecciones en Galicia.1. El Parlamento gallego*. Nós, A Coruña, 1982; Vilas Nogueira, X. "Las elecciones autonómicas de Galicia (1981-1990)", en *Revista de Estudios Políticos* 75, 1992, pp. 59-85.

c) *O fracaso do nacionalismo de centro-dereita*

Os repetidos tentos de artellar un partido nacionalista de centro-dereita reveláronse ata o de agora inútiles. O que se debeu, en boa parte, á insuficiencia dunha potencial base social interesada niso (perfectamente acomodada dentro do centro-dereita de ámbito español), é dicir, do que poderiamos denominar unha "burguesía galega". Pero tamén influíu o viramento rexionalista protagonizado polos partidos da dereita estatal desde 1980, incorporando ás súas ringleiras a algúns intelectuais galeguistas. Ambos os dous factores bloquearon a posible expansión do nacionalismo galego cara á dereita do espectro social.

Certamente existía unha burguesía galeguista, que sostiña a promoción da cultura galega desde 1950 (por exemplo, a editorial Galaxia, a SEPT, etc.), e se concentraba sobre todo na cidade de Vigo, ademais dalgúns núcleos da colectividade galega en Sudamérica. Mais a súa contía e significación era demasiado escasa: nos anos 60, a penas existían proxectos políticos de dereita galeguista. Amais diso, dous factores actuaban de impedimento para o xurdimento con forza dun nacionalismo burgués: a renuncia da doutrina "piñeirista" á formación de partidos nacionalistas propios, preferindo optar por "galeguizar" os partidos estatais mediante unha táctica de entrismo de cadros selectos que incorporasen as demandas culturais do galeguismo ó seu programa; e a tradicional reticencia da Igrexa Católica a sumarse ó galeguismo aínda que só fose ó nivel cultural, fóra dalgunhas personalidades individuais. O que coadxuvou a que durante o franquismo non froitificase unha reconversión ideolóxica en clave demócrata-cristiá ou social-cristiá do legado do nacionalismo político, como aconteceu en Cataluña[25].

En marzo de 1976 naceu o Partido Popular Galego (PPG), liderado polo galeguista histórico Xaime Illa Couto, declarándose galeguista, federalista e de ideoloxía "humanista e comunitaria" e vencellándose a outras forzas democristiás do Estado español (o PNV, a Izquierda Democrática de Ruiz Jiménez, etc.). Malia a súa notable actividade exterior, o PPG fue incapaz de atraer para si a burguesía e as camadas medias galegas, e non pasou de contar cuns 120 militantes nas sete cidades do país. Logo do seu fracaso electoral nas eleccións de 1977, nas que a coalición PPG-PGSD obtivo un 2,4 por cento dos votos, o partido acabou por disolverse, pasando algúns dos seus promotores á

25. Sobre o papel refractario que xoga a maioría da Igrexa católica a respecto do galeguismo e á cultura e idioma galegos en xeral informa amplamente López Muñoz, D. *O idioma da Igrexa en Galicia*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1989. Porén, o nacionalismo de esquerda achou unha acollida máis favorable entre os movementos cristiáns de base (*Cristiáns polo Socialismo*, por exemplo) e en zonas concretas, xa desde os anos 70: *vid.* un achegamento en Martínez García, X. A. *A Igrexa antifranquista en Galicia (1965-1975)*. Ed. do Castro, Sada, 1995, especialmente pp. 51-56 e pp. 80-83.

UCD. En novembro de 1978 tivo lugar a refundación dun partido nacionalista de centro a partir dos restos do PPG e PGSD, o Partido Galeguista (PG), co obxectivo de recoller a herdanza histórica do PG da II República e contando en parte cos mesmos protagonistas, ós que se engadían varios galeguistas históricos disconformes coa estratexia de "galeguizar" os partidos estatais que predicaban Ramón Piñeiro e outros intelectuais. O novo PG pretendía xogar dentro do marco autonómico e atraer a burguesía galega ó seu proxecto; pero mantivo unha posición bambeante no ideolóxico entre a socialdemocracia e a democracia cristiá —o que motivou o alonxamento de moitos procedentes do PPG—, e na política galega viuse obrigado a entenderse con forzas nacionalistas situadas moi á súa esquerda.

Namentres, AP, e en menor medida a UCD, adoptaban un verniz rexionalista e favorable á cultura galega nunha dimensión folclorista e populista, sobre todo AP desde a campaña ás eleccións autonómicas de 1981 (co lema "Galego coma ti") en que presentaba como candidato a presidente da Xunta de Galicia a un médico compostelán antigo militante do PPG, Xerardo Fernández Albor. Esa combinación de circunstancias bloqueou en boa medida a posible expansión do PG, que contou cunha militancia reducida e recrutada sobre todo entre as clases medias e profesións liberais urbanas e dalgunhas vilas. Logo da ruptura da súa coalición con POG e PSG (Unidade Galega) en 1980, o PG presentouse en solitario ás eleccións autonómicas de 1981, colleitando un fracaso absoluto (3,23 por cento dos votos e ningún escano)[26].

A constatación da pouca acollida do proxecto galeguista de centro levou a varios dos seus promotores a procurar outras vías de actuación posibilista. O que só froitificou a partir de 1983, cando un sector das elites políticas locais vencelladas á UCD precisou buscar novas saídas perante o derrubamento do partido centrista nas eleccións xerais de 1982. Unha parte dos baróns provinciais da UCD, co antigo Partido Gallego Independiente á cabeza, e sobre todo na provincia de Lugo (A. Díaz Fuentes, V. Quiroga na Convergencia de Independientes de Galicia) e na de Ourense (o aparello clientelar vencellado á empresa agropecuaria COREN, dirixida por E. Gómez Franqueira, e mais o grupo Centristas de Ourense liderado por Victorino Núñez) optaron por fundar unha opción política que enarborase como bandeira o galeguismo centrista[27]. Para iso, chegaron a una fusión en 1984 cun amplo sector do PG nun novo partido, Coalición Galega (CG). O *naciona-*

26. Unha crónica da andaina do nacionalismo de centro nos primeiros anos da Transición en Liñares Giraut, X. A. *Conversas con Avelino Pousa Antelo. Memorias dun Galego Inconformista.* Ed. do Castro, Sada, 1991, pp. 141-56.

27. Juana, J. de, Prada Rodríguez, J. e Soutelo Vázquez, R. "Transición y élites políticas: el nacimiento de Coalición Galega en Ourense", en Tusell *et al., op.cit.,* vol. I, pp. 475-95.

lismo de CG era porén doutrinalmente tépedo e obsesivamente moderado, froito dun requintado encaixe de bolillos que contentase ós nacionalistas do PG e ós antigos centristas: partido "autenticamente galego, autonomista, democrático, progresista e reformista", afirmaba ser "unha resposta política nacionalista moderada [...] desde unha posición centrista e de progreso". Os seus obxectivos políticos resumíanse na "consolidación da democracia, a liberdade e a xustiza, a solidariedade, a defensa dos dereitos humanos e mailo galeguismo". Un galeguismo que se enunciaba á súa vez como una inconcreta "afirmación da nosa identidade como pobo", desde unha óptica de afirmación e non de defensa, que habería ollar cara a adentro e tomar consciencia das posibilidades de Galicia como pobo; Galicia sería "un todo nas ordes lingüísticas [*sic*], cultural, social, educativa e económica", e CG definíase como un partido *autonomista* do que o fin era potenciar o autogoberno galego como panca para o desenvolvemento de Galicia dentro do estricto respecto á Constitución, como *nacionalidade histórica* "dentro da unidade da Nación española e en solidariedade de todolos seus pobos"[28].

Nas eleccións autonómicas de 1985 CG obtivo un 13 por cento dos votos e 11 escaños (7 deles obtidos en Lugo e Ourense, sobre todo nas zonas rurais gracias á maquinaria caciquil herdada da UCD), ficando en situación de árbitro da conformación de maiorías parlamentarias. Mais, malia as esperanzas que suscitou entre parte das camadas medias urbanas, CG foi incapaz de manter a súa coherencia interna e estabilidade organizativa en canto tivo que decidirse por formar goberno coa Coalición Popular ou optar por un *Goberno de progreso* con PSOE e nacionalistas de esquerda. O apoio final á dereita agravou as tensións internas dun partido pouco consolidado e que recolleitaba a maioría dos seus sufraxios gracias a ter herdado redes caciquís rurais da UCD: nas eleccións xerais de 1986 CG só obtivo un deputado ó Congreso pola circunscrición de Ourense.

Ó pouco tempo, o partido sufriu a escisión do sector máis *socialdemócrata* e —teoricamente— nacionalista liderado por Pablo González Mariñas. Aquel constituíu en xaneiro de 1987 un Partido Nacionalista Galego (PNG) que non pasou de contar con algúns centos de militantes, fundíndose cos restos do PG en decembro de 1988 —na procura do pedigrí histórico para o seu nacionalismo, tampouco exento de

28. *Así faremos que Galicia sexa respetada. Programa de Coalición Galega*, S.l. [Pontevedra]: s. ed., 1985, pp. 6-7. Igual tepidez mostraba CG no plano lingüístico: malia aspirar a completar a normalización lingüística, recoñecía explicitamente que o castelán tamén era "patrimonio de Galicia", lingua irmá do galego, co que habería coexistir harmoniosamente. O modelo de Estado sería puramente unha aplicación da Constitución (*vid.* o programa electoral para as eleccións xerais de 1986, *Así faremos que Galicia sexa escoitada. Aportación a unha política de Estado*, s.l.: s. ed., 1986).

vacilacións doutrinais á hora de afirmar os seus obxectivos políticos[29]. A falla de cohesión interna e de obxectivos políticos definidos de CG puxeron en evidencia a pouca consistencia do seu nacionalismo —para moitos ex-centristas máis unha etiqueta de supervivencia política que outra cosa—, co que perdeu incidencia electoral de xeito acusado nos anos posteriores (2 escanos en 1989, cun 3,6 por cento dos sufraxios), consonte os seus cadros locais se pasaban ó CDS, ó PSOE ou ó PP.

Igualmente, a integración do PNG no BNG en 1991 despois da derrota electoral sufrida por aquel partido nas eleccións autonómicas de 1989 (un escaso 1,5 por cento) deixou practicamente orfo o eido do nacionalismo de centro. Este só subsistía nunha cada vez máis debilitada CG —pola crecente fuga dos seus militantes e alcaldes cara ó PP e ó PSOE— e en candidaturas con outros grupos centristas para as eleccións municipais: por exemplo, a Coalición Progresista Galega (CG, PDP e PL) no 1987, máis tarde a Converxencia Nacionalista Galega, promovida por CG e Centristas de Galicia (CdG antigo Centristas de Ourense, que se se arredara de CG en xullo de 1985) a fins de 1990, pero que logo dos seus decepcionantes resultados nas municipais de 1991 se disolveu pola incorporación definitiva de CdG no Partido Popular en agosto de 1991. Todas estas operacións de enxeñería política e bailes de siglas só traducían o devezo dalgunhas elites locais por atoparen un reacomodo na escena política. Desamparada e sen apoios externos, CG certificou a súa práctica desaparición en 1993, ó obter nas eleccións autonómicas dese ano un ridículo 0,42 por cento dos sufraxios.

d) *O sindicalismo nacionalista*

O nacionalismo galego configurouse como un movemento social, con presencia sectorial entre o estudiantado, nas reivindicacións ecoloxistas, o feminismo, o movemento en prol da normalización lingüística e outros, nos que non imos entrar aquí. Mais entre os seus ámbitos de actuación máis favorables é de mentar sen dúbida o sindical, o único onde a tendencia foi dun continuo e sostido crecemento desde 1977. Aínda que sabido é que as dinámicas sindicais se moven nun plano diferente das políticas, e que polo tanto non se pode establecer unha equiparación ou

29. O PNG-PG si apostou pola definición *nacionalista*, se ben seguía a amosarse igualmente equívoco a respecto do dereito de autodeterminación, e prefería falar do dereito de Galicia ó autogoberno no contexto do proceso de unión europea e do cuestionamiento do propio concepto de soberanía: de aí que optase polo elíptico concepto de "autointegración" no Estado español e na CEE, sen cuestionar a Constitución ou o Estatuto pero aproveitando todas as súas potencialidades e aspirando ó federalismo. *Vid.* González Mariñas, P. *O nacionalismo hoxe. A construcción dun proxecto político*. Ed. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1989, pp. 25-27; PNG, *Estatutos*, s.l.: PNG, 1988, pp. 26-29. Principios semellantes enunciáronse co gallo da fusión co PG: *vid. Recuperamos o futuro*, s.l.: PNG-PG, 1989, pp. 24-25.

superposición automática entre influencia sindical e influencia electoral do seu correspondente ideolóxico.

A notable expansión dun sindicalismo obreiro de orientación nacionalista e esquerdista desde 1975 permitiu ó nacionalismo galego gañar circio implantamento entre diversos sectores asalariados, asegurando a pervivencia e cohesión do movemento a pesar das divisións na esfera político-organizativa. Desde 1980 o sindicalismo nacionalista experimentou un crecemento lento pero sostido, malia sufrir escisións (basicamente, a dicotomía CXTG / INTG) e mudanzas de siglas ó longo dos anos 80. Aquelas traducían dunha banda as rivalidades político--ideolóxicas entre diversas fracciòns do nacionalismo "popular" e entre este e o socialista-democrático; e mais as tensións entre autonomía sindical e dirixismo político a respecto dos partidos nacionalistas (especialmente da UPG) doutra banda. En boa parte, os cadros dos sindicatos nacionalistas nutríronse de persoas procedentes da sección sindical da UPG, de militantes do nacionalismo de esquerda e das seccións galegas de sindicatos de ámbito estatal situados á esquerda de CC.OO., atraídos polo carácter de mobilización, resistencia e oposición ó chamado "burocratismo" sindical que distinguía ós sindicatos nacionalistas[30].

O auxe consolidouse coa definitiva unificación de todos os sindicatos nacionalistas en 1993 na Confederación Intersindical Galega (CIG), que obtivo nas últimas eleccións sindicais (1994-95) un 26,67 por cento dos delegados (3.924), sendo a terceira forza sindical a unha distancia moi escasa de CC.OO. (28,98 por cento) e UGT (31,5 por cento), ocupando o primeiro lugar na provincia de Pontevedra e o segundo na de Lugo. A evolución dos resultados do sindicalismo nacionalista desde 1980 é como segue:

RESULTADOS ELECTORAIS DO SINDICALISMO NACIONALISTA

% DELEGADOS SINDICAIS	ANO
17,49	1980
18,94	1982
21,30	1986/87
23,48	1990
26,67	1994/95

Non dispomos aínda de estudios empíricos suficientes sobre a evolución do sindicalismo nacionalista galego, polo que non podemos aquí

30. *Vid.* as referencias de Führer-Ries, I. M. *Gewerkschaften in Spanien. Vom Klassenkampf zu kooperativen Strategien.* Peter Lang, Frankfurt am Main, 1991, pp. 265-70, así como Gabeiras Vérez, X. *Nación, clase e sindicato. O pensamento sindical da Unión do Pobo Galego (1964-1994),* traballo inédito, Universidade de Santiago de Compostela, 1995, e Díaz Martínez, C. (ed.). *A semente do 72, a forza da nosa clase. Vintecinco aniversario do dez de marzo (1972-1997).* Espiral Maior, A Coruña, 1997.

aprofundar nos sectores laborais nos que está mellor implantado. Desde as súas orixes, as centrais nacionalistas, malia non estaren ausentes dos grandes centros fabrís, amosaban unha tendencia clara a ter máis forza entre funcionarios e "pescozos brancos", empregados e traballadores cualificados; en troques, a súa penetración nos sectores obreiros non cualificados, grandes empresas e sectores mariñeiros foi máis irregular, en parte pola tradición sindical anterior á Guerra Civil que daba vantaxe ós grandes sindicatos estatais, nomeadamente a CC.OO. —que xa se implantara nos anos 60—. Porén, este panorama mudou grandemente desde finais dos anos 80. Unha primeira lectura suxire que os resultados nacionalistas son mellores no sector servicios, funcionariado e medianas e grandes empresas. Desde 1990, os resultados da CIG aumentaban porcentualmente nas empresas con máis de 50 traballadores, e nas eleccións sindicais de 1994-95, o sindicato nacionalista obtivo un 28,5 por cento dos delegados en empresas de máis de 500 traballadores, por diante de CC.OO. e UGT, mentres no conxunto de empresas de máis de 100 traballadores a CIG tamén ocupaba o primeiro lugar cun 26,97 por cento dos delegados. O sindicato nacionalista é maioritario na actualidade en sectores como actividades diversas, administración pública, banca e sanidade[31]. A clave do seu ascenso continuado segue a residir no seu carácter de sindicalismo de mobilización, menos proclive ó pacto, como se demostrou sen máis no seu rexeitamento do acordo laboral asinado en abril de 1997 pola patronal e os dous grandes sindicatos estatais. Non embargante, non faltan voces dentro do nacionalismo de esquerda que denuncian a crecente tendencia cara á burocratización, institucionalización, pobreza de debates teóricos e perda de iniciativa que tamén atinxirían á CIG, ó igual que ós demais sindicatos[32].

Pola súa banda, o sindicalismo campesiño desenvolvido desde 1970-71 nas zonas rurais baixo estímulo dos nacionalistas (os Comités de Axuda á Loita Labrega, Comisións Labregas, despois o Sindicato Labrego Galego [SLG]) conseguiu un notable implantamento —aínda que con discontinuidades temporais— e así mesmo unha considerable capacidade de mobilización en prol dos intereses dos pequenos campesinos propietarios. Nun comezo, os nacionalistas dirixiron as mobilizacións contra do pagamento da Seguranza Social Agraria durante os anos 70, que acadaron grandes proporcións especialmente na provincia de Lugo: xa nas eleccións a Cámaras Agrarias de 1978, os nacionalistas obtiveron un 9,9 por cento dos vocais na Coruña, un 25 por cento en Lugo, 24,2 por cento en Ourense e 16,5 por cento en Pontevedra. Nos

31. *Vid. Galicia Sindical* 35 (1996); *Tempo Sindical* 10, xaneiro, 1996.

32. Cendán, X. "Sindicalismo no país: claras diferencias, perigosas semellanzas", en *Inzar Razóns* 11, 1995, pp. 20-24.

anos 80 e 90, o núcleo central das súas reivindicacións xira arredor da reconversión da agricultura e gandería galegas forzada pola incorporación de España á CEE e ás eivas de adecuación á Política Agrícola Común dictada desde Bruxelas. Os obxectivos do SLG na actualidade resumiríanse na defensa do "dereito a producir", de acordo cun modelo de desenvolvemento agrario que manteña postos de traballo, xere productos de calidade, estea en harmonía coa conservación do medio ambiente e non se submeta ós dictados das grandes compañías agroindustriais[33].

A UNIFICACIÓN NACIONALISTA E O CRECEMENTO DOS ANOS 90

Na década dos 90 o maior éxito en termos de apoio social correspondeu ó BNG, que soubo moderar a súa imaxe marxista-leninista e radical mediante a adopción dunha estratexia máis posibilista, un programa de medidas concretas e interclasista, e o intelixente aproveitamento das tensións sociais e económicas provocadas en Galicia pola incorporación de España á CEE/UE. Todo isto no pano de fondo dunha Galicia que sofre fortes transformacións estructurais no eido económico e social. Unha organización partidaria eficaz e disciplinada, un liderado carismático e estable personificado en X. M. Beiras e unha mensaxe que prima o nacionalismo posibilista por riba de metas maximalistas, así como a idea de "proxecto común" capaz de representar e abandeirar os *intereses vitais* do país, presentándose a si mesmo como o defensor dos intereses do tecido productivo galego ameazado pola recesión económica e mais a "claudicación" perante a UE, pasou do 18,8 por cento das autonómicas de 1993 ó 24,8 por cento de 1997. Un aumento de votos distribuído con grande uniformidade entre áreas urbanas, semiurbanas e rurais, se ben cun maior peso nas primeiras, e que capitalizou tanto boa parte do voto xove como de esquerda e da clase media[34].

33. *Vid. Fouce. Voceiro das Comisións Labregas de Galicia. Etapa da clandestinidade (1973-1977)*, estudio e edición de Díaz Martínez, C. e Muñiz de las Cuevas, R. Espiral Maior, A Coruña, 1995, pp. 15-22, así como Muñiz de las Cuevas, R. "Comisións Labregas en todas as aldeas", en *En defensa da Terra...*, pp. 43-48. Sobre as posicións actuais do SLG, *vid.* un resumo na entrevista coa súa secretaria xeral, Lidia Senra, en *Tempo Sindical* 4, febreiro, 1995, p. 5.

34. Desde comezos dos anos 90, entre a poboación menor de 30 anos, e especialmente na franxa de idade de 18-25 anos, a constante tendencia á alza das preferencias de voto polo BNG corre parella ó importante mantemento do PP e ó progresivo debilitamento do voto ó PSOE. *Vid. A Mocidade Galega. Informe 1993.* Xunta de Galicia, Santiago de Compostela: 1993, pp. 243-45 e ss. e Leira López, X. *A Xuventude ferrolá. Composición, estructura e expectativas.* Ateneo Ferrolán, Ferrol, 1995 (Cadernos do Ateneo Ferrolán, n. 11), pp. 121-24. E segundo os datos do CIS, nas últimas eleccións autonómicas preto dun 60 por cento dos votantes que o fixeron por primeira vez outorgaron o seu voto ó BNG, sobre un 20 por cento á coalición progresista e unha porcentaxe semellante ó PP (*La Voz de Galicia*, 24-X-1997, p. 4).

Nese senso, o nacionalismo galego sintetizou as tendencias de voto de BNG e PSG-EG durante os anos 80: o BNG pasou de ser un partido con só relativa presencia nas circunscricións urbanas, e que obtiña os seus mellores resultados nunha serie de enclaves illados e nas áreas semiurbanas a ser unha forza que rebordou ó PSOE e aliados nas cidades e na case totalidade das vilas galegas. O fracaso da opción do nacionalismo de centro-dereita desde 1989 determinou ademais que unha parte do voto posible desa opción non procedente das redes caciquís —que se integraron no PP ou nalgúns casos no PSOE— se concentre no centro-dereita español, e outra parte se desvíe cara á esquerda nacionalista, xa que o BNG hexemoniza claramente hoxe en día todo o espacio electoral e político do nacionalismo galego. Os tentos por reconstruír unha opción política de centro-dereita galeguista non proseraron: na maioría dos casos trátase de xogadas políticas a curto prazo por parte de expulsados do PP, candidaturas independentes ó nivel municipal ou políticos desafiuzados que tentan volver ó primeiro plano, sen ningunha base social nin organizativa real, e que seguen a presentar, acentuadas, as ambivalencias de definición ideolóxica que xa caracterizaran a CG[35]. En parte, o PP galego, dotado dunha importante autonomía respecto do partido a nivel español, mantense con grande forza e integrou relativamente ben ás diversas baronías e elites conservadoras locais, o que fai difícil o xurdimento dun partido galeguista conservador con apoios dabondo.

A heteroxeneidade político-ideolóxica interna do BNG convive coa súa dinámica de crecemento electoral, o que suscita algunhas dúbidas sobre a viabilidade e pervivencia futura do proxecto frontista, que no fondo segue a beber dos mesmos esquemas básicos que o puxeron en marcha a comezos dos 80, con sucesivas adaptacións tácticas e estratéxicas. Con todo, ata o de agora a expectativa de crecemento ten inhibido as posibles tensións internas, tanto por parte dos sectores potencialmente descontentos co predominio interno da UPG como daqueles máis radicais que puidesen disentir da moderación estratéxica. Polo momento, o BNG reafirma uns postulados ideolóxicos basicamente de esquerda e que corresponden plenamente á súa traxectoria, e en moitos aspectos practicamente traducen os principios fundacionais da ANPG (asunción do esquema centro-periferia, definición de Galicia como unha colonia, aposta polo reformismo social e un Estado interventor e corrector de desigualdades, que forneza amplos servicios sociais, etc.), combinándoos cun programa político tendencialmente

35. Velaí o caso da constitución en marzo de 1997 dun fantasmagórico partido auspiciado polo ex-presidente da Deputación coruñesa Enrique Marfany e o ex-conselleiro de Industria do Goberno Fraga, Juan Fernández: Democracia Galega, coa confesa ambición de se converter nun partido bisagra para o PP. Os seus resultados foron dun 0,6 por cento nas autonómicas de 1997.

populista centrado na consolidación do autogoberno e a súa utilización para defender os sectores productivos galegos ameazados pola desvantaxosa integración do Estado español na CEE/UE. O obxectivo político derradeiro segue a ficar un tanto indefinido: a organización non renuncia a conseguir a autodeterminación de Galicia, pero afirma tamén que a autonomía é un primeiro paso para aprofundar positivamente na construcción da nación galega, e debórcase de momento por unha reestructuración en clave federal asimétrica ou confederal do Estado español, na que Galicia sería unha das pezas clave. Dentro do BNG, non embargante, conviven na actualidade posturas independentistas con posicións federalistas ou confederalistas[36]. Mais a estratexia e mais a mensaxe política transmitida teima na idea inclusiva de *proxecto común*, capaz de atraer a maioría dos galegos.

O movemento nacionalista galego asentou nos tres últimos anos (1995-97) a súa consolidación organizativa e electoral, enfortecida pola unidade política. Como xa amosaran parcialmente as experiencias de Unidade Galega, a coalición BNPG-PSG e o exemplo do sindicalismo, a unificación de forzas producía resultados electorais inmediatos e apreciables. Nas eleccións municipais de maio de 1995, o BNG demostrou os seus progresos en implantamento por todo o país, nomeadamente no rural (mapa 2), presentando 246 candidaturas fronte ás 162 de 1991 e as 117 de 1987 —incorporando tamén boa parte do implantamento do PSG-EG alí onde este presentara candidatura e os frontistas non—, cuns resultados do 13,3 por cento dos votos emitidos (7,7 por cento en 1991), 426 concelleiros e 11 deputados provinciais. Os nacionalistas consolidaron a súa presencia nas cidades e nas zonas semiurbanas e melloraron tamén a súa penetración nas zonas rurais. Igualmente, conseguiron uns resultados bastante homoxéneos en todas as provincias, aínda que mellores en Ourense e Pontevedra, situándose xa como segunda forza tralo PP en 78 concellos —amais de acadar catro alcaldías con maioría absoluta: os "enclaves" xa tradicionais de Vilar de Santos, Allariz, Corcubión e Fene.

As eleccións municipais de 1995 marcaron a consolidación do nacionalismo como forza indispensable para calquera alternativa de goberno fronte á dereita, e os pactos locais co PSOE degoiraban un viramento substancial na actitude deste derradeiro cara á colaboura cos nacionalistas para derrubar a maioría do PP. Non obstante, as posicións

36. *Vid.* BNG, *VII Asemblea Nacional. Ponencia Política*, s.l., s.d., 1995, pp. 5-7. Polo de agora, dous colectivos dentro do BNG optan claramente pola independencia: Esquerda Nacionalista, constituída en 1992, e Primeira Liña, colectivo que aspira a aglutinar o independentismo xuvenil e socialista-revolucionario, adoptando un modelo de loita e mobilización que dea prioridade ós movementos sociais de todo tipo sobre a confrontación electoral. *Vid.* "Declaración de principios ideolóxico-políticos de Esquerda Nacionalista", en *A Trabe de Ouro* 10, 1992, pp. 307-17, e Primeira Liña, "Bases ideolóxicas", en *A Trabe de Ouro* 28, 1996, pp. 151-55.

dentro dos socialistas galegos a este respecto evoluíron na dirección contraria, en boa parte pola pecha oposición do sector liderado polo alcalde coruñés e secretario xeral do PSdG, Francisco Vázquez, a un pacto cos nacionalistas. O que se une ás eivas dos socialistas galaicos para acharen unha mensaxe política nidiamente galeguista e afeita ó marco autonómico no que han xogar: algúns dos seus líderes, comezando por Vázquez, son afoutos adversarios da normalización do idioma galego e non mostran entusiasmo ningún pola autonomía política, preferindo primar o municipalismo[37].

Pero o BNG continuou na súa progresión ascendente. Nas eleccións xerais celebradas en marzo de 1996, o nacionalismo galego conseguiu obter de novo representación no Parlamento de Madrid logo de 60 anos de ausencia, conseguindo un deputado pola circunscrición da Coruña e outro por Pontevedra, cun 13,10 por cento dos votos emitidos en Galicia e unha distribución interprovincial bastante homoxénea. E nas eleccións autonómicas de outubro de 1997 o BNG, cun 24,8 por cento dos votos emitidos, obtivo 18 actas de deputado e case 400.000 votos, desprazando ó PSOE á terceira posición e 13 deputados (máis 2 que corresponden a EU-EG), cun 19,6 por cento dos votos no conxunto da coalición progresista. O éxito dos nacionalistas radicou, sobre todo, nas notables porcentaxes obtidas nas zonas semiurbanas e urbanas, onde capta un voto xove, de esquerda e de clase media; e a súa moderación de imaxe e intelixente campaña electoral contrastou coa inadaptación case estructural do PSOE galego ás circunstancias do xogo electoral autonómico e da territorialización de intereses que acompaña á consolidación do Estado das Autonomías[38].

CARA O SÉCULO XXI. ¿ALTERNATIVA DE PODER?

Os novos retos que o nacionalismo galego afronta neste final de século son múltiplos, pero poden resumirse en dous interrelacionados. Dunha banda, aprofundar na vía xa encetada de formular un proxecto para Galicia que, por analizar e abalroar axeitadamente os principais problemas do país, poida ser asumido pola maioría da sociedade e dar

37. *Vid.* as opinións ó respecto de Francisco Vázquez en J. A. Silva, *V de Vázquez*. Ronsel, Barcelona, 1994, pp. 89-92: as autonomías só lle satisfacen "en cuanto a aparato administrativo, descentralización administrativa, etc.", pero non tanto no seu aspecto político. En Galicia, ademais, "jamás hubo tensión con el idioma"; e a auténtica nación é España, lexitimada por unha historia de convivencia mutua: "lo que sí es antiguo y real [...] es España, una cultura común, una historia común".

38. Remitimos á análise das eleccións autonómicas de 1997 realizada polo Equipo de Análises Electorais, "As eleccións do 19-O: cambios no sistema de partidos", en *Tempos Novos* 6, 1997, pp. 35-43.

lugar a unha verdadeira alternativa de goberno. Seguen a ficar pendentes definicións concretas perante cuestións clave que son obxecto de debate político actual no Estado das CC. AA., por exemplo, cál ha ser o modelo de financiamento autonómico a adoptar por Galicia e que máis conveña ós seus intereses[39]. Doutra banda, evoluír en concordancia con ese proxecto cara a unha necesaria integración entre o ideolóxico, o político e mais o organizativo que reduza algunhas das incertezas que segue a xerar o BNG entre amplos sectores de poboación. Xa que é obvio que se o nacionalismo galego quere desputar algún día o poder a un PP que conta con máis de cen mil militantes en Galicia, ha comezar por estender a súa militancia e artellar unha sociedade civil que lle sirva de fundamento e remate cos aparellos caciquís que aínda hoxe están ó servicio do poder. Como recoñece mesmo a propia ponencia de organización da súa VII Asemblea Nacional (1995), o BNG, malia duplicar en cinco anos os seus militantes, "ten un número de afiliados e afiliadas aínda baixo se o comparamos co respaldo eleitoral e a incidéncia social da nosa organización"[40]. A recente incorporación de boa parte do antigo PSG-EG e de líderes de peso, como Camilo Nogueira, ó BNG (1994-95) dá por case rematada a dispersión organizativa anterior a 1993 e fornece tamén efectos beneficiosos para a dinámica de implantamento social, como xa se apreciou nos dous últimos procesos electorais. Mais segue a percibirse unha relativa indefinición ideolóxica, propiciada pola falta certa de debate ideolóxico dentro do nacionalismo actual: desde a formación frontista xorden voces que a definen como unha socialdemocracia galega (Beiras), como unha sorte de reedición do Partido Galeguista da anteguerra, ou como unha organización inequivocamente de esquerda mais afeita ás *peculiaridades* do tecido social autóctono (P. García Negro). Quizabes a concepción dalgúns, segundo se desprende de varias declaracións de líderes do BNG, é evoluír na dirección do modelo organizativo e de artellamento dunha *comunidade* nacionalista que ofrece o PNV: un partido de *esencias*, unido por unha definición nacionalista plural e polivalente, mais dentro do cal caben diferentes opcións de modelo de sociedade e diversos

39. Neste senso, malia o BNG e o mesmo Beiras térense pronunciado algunha vez por un sistema de cupo —que o PSOE coida inviable para Galicia por esta recibir transferencias netas en concepto de solidariedade interterritorial do Estado central— en función da irrenunciabilidade da soberanía financeira de Galicia, outros expertos achegados ó nacionalismo postulan un sistema que aprofunde na autonomía financeira mais sen eliminar a potencia recadatoria da Administración Central, que así posibilite unha solidariedade financeira entre os territorios do Estado. *Vid.* Fernández Leiceaga, X. "Galicia na encrucillada autonómica: unha proposta de modelo de financiamento", en *Grial* 132, 1996, pp. 513-26.

40. BNG, *VII Asemblea Nacional. Ponéncia de organización*, p. 9; *vid.* tamén a entrevista de M. A. Fernán Vello e F. Pillado Mayor con X. M. Beiras en *Enclave. Revista Galega de política e pensamento* 1, 1996, pp. 9-21. No mesmo senso incide o IX congreso da UPG, que establece como prioridade conseguir "máis base social activamente organizada" (*Resolucións políticas do IX Congreso*, p. 44).

intereses e grupos sociais. Aínda que poida semellar unha obviedade, non está escrito en ningures que esa fórmula garanta o éxito. Pero tampouco que o deixe de garantir, como mostra precisamente o caso do PNV, se ben no caso galego está ausente a densa rede social artellada que serve historicamente de apoio a aquel.

Mais o proceso de *construcción nacional* galeguista aínda non é dominante ou irreversible nos sectores básicos da sociedade galega. Neste senso, é preciso recuncar nunha cuestión coñecida de todos os estudiosos do nacionalismo: a consciencia nacional e as identidades dun colectivo determinados tenden a ser fluctuantes, e como indicador non han tomarse unicamente os resultados electorais a diversos niveis. De considerarmos a nación galega a efectos analíticos como *o conxunto de cidadáns de Galicia que cren que Galicia é unha nación* (é dicir, un suxeito de dereitos políticos colectivos, que polo tanto ten dereito á autodeterminación), soamente podemos afirmar que ese colectivo é aínda minoritario, aínda que non insignificante, e representa hipoteticamente unha porcentaxe entre o 15 e o 20 por cento da poboación. E que esa parte da cidadanía se atopa aínda nun estado de certo desartellamento interno, polo que aínda non configura un tecido dentro da sociedade civil dabondo sólido e diversificado como para converterse no alicerce máis seguro do nacionalismo, *independentemente das variacións conxunturais na esfera político-partidaria.* Aínda que a presencia social do sindicalismo obreiro e campesiño nacionalista é moi notable, por exemplo, non o é tanto polo de agora a forza dos movementos cívicos apartidarios con base noutros ámbitos da sociedade civil que se identifican cos postulados —ou parte deles— defendidos polo nacionalismo. O que en parte é consecuencia da falla de artellamento da sociedade civil en Galicia desde 1936, mais tamén é atribuíble á cultura política imperante en boa parte do nacionalismo galego desde a Transición, impregnada dun certo sectarismo e anceio dirixista[41]. Un exemplo claro atoparíase sen máis no eido da defensa da normalización do idioma galego, que conta cun encosto social activo que non se corresponde cos resultados electorais do nacionalismo, malia ter progresado nos últimos anos[42]. A iso contribúe non só a ausencia de polí-

41. Unha crítica clara a esta cultura política pódese mirar no libro de Fernández Leiceaga, X.; Baamonde, A. Martínez Castro R. e Iglesias, B. *Catro ensaios sobre a esquerda nacionalista.* Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1990, un dos poucos ensaios de reflexión política do nacionalismo actual (*vid.* tamén García Pérez, B. e López Mira, A. X. *O nacionalismo galego e o futuro do nacionalismo.* Ed. O Gato da Moureira, Pontevedra, 1996). Porén, é de mentar que as actitudes semellan estar a mudar moito: vedraños dirixentes da UPG, coma o hoxe deputado en Madrid Francisco Rodríguez, defenden abertamente a necesidade de acadar unha maior "vertebración social" e artellamento da sociedade civil: *vid.* Rodríguez, F. "O nacionalismo e a existencia da Galiza", en *Tempos Novos* 4, 1997, pp. 8-9.

42. Sarille, X. M. "O idioma como anécdota", en *A Nosa Terra,* 722, 17-IV-1996, p. 7. Entrevista con Concha Costas en *A Nosa Terra* 803, 6-XI-1997, p. 9. En novembro de

tica lingüística digna de tal nome por parte do Goberno autónomo, senón tamén a falla de acordo definitivo dentro da *comunidade* nacionalista nun tema tan básico como a normativización do idioma galego, cuestión na que as diferencias ideolóxicas e o peso da cultura política aludida mestúranse cos argumentos filolóxicos e eiva unha posibilidade de consenso que aparque polémicas prexudiciais para o obxectivo da normalización lingüística[43].

Isto debrúzanos directamente cunha debatida cuestión. Para algúns observadores, o voto ó BNG simplemente obedece ó feito de que este *usurparía* en Galicia o lugar que noutras zonas do Estado ocupa Izquierda Unida; que aquel só recolle votos desencantados de antigos seguidores do PSOE e algúns do PP, ou que o liderado de Beiras e mais a moderación de imaxe da formación frontista levarían ó BNG a amplos sectores de poboación que non se senten especificamente nacionalistas, mais que compartillan un sentimento esluído e difuso de identidade galega. Pola contra, varios políticos e xornalistas vencellados ó BNG sosteñen a opinión oposta: o Bloque está onde máis ou menos estivo sempre desde mediados dos anos 80, e é a sociedade a que cambiou e agora, inzada de maior consciencia nacional ou, simplemente, sentimento de defensa da identidade colectiva, achégase ás súas propostas.

Na nosa opinión, e a falla dun estudio sociolóxico que amose con detalle as motivacións dos votantes de cada opción (xa que non hai razón para crer que o voto do BNG é *a priori* menos ideolóxico có do PSOE ou o do PP, poñamos por caso)[44], a clave sitúase entre os dous pólos. Certo é que o BNG ten na actualidade un electorado heteroxéneo, e que hai sectores sociais que o votan polas súas propostas prácticas e por mirar nel un defensor dos *intereses galegos*[45], o que supera ós ideoloxicamente nacionalistas: algo recoñecido polo propio Beiras, e que se corresponde coa estratexia *inclusiva* desenvolvida pola organización desde finais dos 80. De feito, os votantes do BNG, segundo o único estudio dispoñible, defínense maioritariamente de esquerda e centro-esquerda, e máis da metade deles se declaran "gale-

1996, a Mesa pola Normalización Lingüística recoñecía contar con 2.907 socios (*ReMesa. A Mesa informa*, novembro 1996, p. 2). O número de afiliados do BNG pódese situar hipoteticamente entre seis e sete mil, se ben esta organización política —como a maioría— non fai públicos os seus datos de afiliación.

43. Para un achegamento á cuestión, *vid.* o noso artigo "Idioma y nacionalismo en Galicia en el siglo XX. Un desencuentro histórico y diversos dilemas para el futuro", en *Revista de Antropología Social* 6, 1997, pp. 165-91.

44. É máis, inquéritos electorais previos deixaban ver que o electorado do PSOE era o que tiña menos nivel de fidelidade. E o inquérito a pé de urna realizado pola TVG o 19 de outubro amosaba, por exemplo, que preto dun 40 por cento dos votantes do PP aducían como primeiro factor decisorio do seu voto a figura do candidato, Manuel Fraga.

45. Os inquéritos postelectorais nos 90 amosan, por exemplo, que un 35 por cento dos votantes do BNG lle outorgan o seu voto en primeiro lugar por aquel defender "os intereses de Galicia" (Máiz, "Nación de Breogán", p. 71).

guistas", se ben tanto o PP coma o PSOE teñen unha franxa superior a 1/3 do seu electorado que tamén se define como tal[46]. Pero os nacionalistas teñen o voto do futuro: xente nova (case un 60 por cento dos que votaron por primeira vez en 1997 devorcáronse polo BNG, segundo datos do CIS) e novas clases medias urbanas e semiurbanas, nas zonas economicamente máis dinámicas do país e que gañan poboación (mapas 3 e 4). Pola contra, o electorado do PP —malia ter tamén unha media en núcleos urbanos do 45 por cento— ten unha media de idade de case 50 anos, e o PSOE conserva como enclaves electorais concellos rurais en proceso de despoboación.

Con todo, tamén é certo que o avance electoral do BNG ten un correlato na evolución da consciencia nacional galega entre os cidadáns, malia predominar hoxe en día a "identidade dual", de xeito semellante pero máis pronunciado que en Cataluña ou Euscadi. E que, malia que o sentimento esluído de identidade galega é moi uniforme na poboación, a organización nacionalista soubo atraer e conferir unha traducción política a ese sentimento dunha parte dos votantes, ó igual que Fraga e o galeguismo folclorista do PP o conseguiu polo outro extremo, atraendo cara a el votos *galeguistas* de centro. Polo que o BNG tamén poderá contribuír a artellar os contidos concretos desa identidade no futuro, e deberá facelo se quere manterse fiel ós seus sinais de identidade ideolóxica, nos que está en derradeiro termo facer da sociedade civil de Galicia o alicerce dun proceso de construcción nacional, no que a defensa dos seus intereses, do benestar colectivo e da soberanía corra parella á recuperación do seu idioma e cultura propios; e non converterse nun mero "xestor autonómico" de votos útiles.

Neste senso, os escasos estudios sociolóxicos ó respecto só ofrecen mostras indicativas. Así, segundo unha enquisa do CIS publicada en 1994, un 18 por cento dos galegos se refería a Galicia como unha "nación"; un 59 por cento sentíase tan galego coma español, un 23 por cento máis galego que español e un 1 por cento "sólo galego". En 1996, a porcentaxe de galegos que se referían a Galicia como una nación sería de un 16,4 por cento (fronte a un 34,1% en Cataluña ou un 39,5% en Euscadi). En 1990 un 21,2 por cento dos galegos desexaba unha maior autonomía cá actual, un 11,2 por cento un Estado federal e mais o 2,2 por cento o poder exercer o dereito de autodeterminación. En 1996, a porcentaxe destes

46. *Vid.* a entrevista a X. M. Beiras, en *El País*, 21-X-1997, p. 18. Segundo un estudio elaborado pola empresa Sondaxe, os votantes do BNG sitúanse maioritariamente no centro-esquerda e esquerda (70%), se ben amosan un lixeiro perfil máis centrista có dos votantes do PSOE-EU/EG-OV (77%); en canto a identidade nacional, un 51% dos electores do BNG declarábase galeguista, fronte a un 36% do PP e un 34% do PSOE-EU/EG-OV: e un 46% declarábase neutro, fronte a un 53% do PP e de PSOE-EU/EG-OV. *Vid. La Voz de Galicia*, 21-X-1997, p. 60. Naturalmente, isto só é indicativo, xa que o que cadaquén entende por *galeguista* pode ser moi variado.

últimos aumentara ó 5,8%. Con todas as precaucións coas que é preciso interpretar os datos destas enquisas, que adoito mostran notables incongruencias, resulta indiscutible que os 15 anos de autonomía foron determinantes en enfortecer os referentes de identidade galega do conxunto da poboación[47]. Igualmente, obsérvase un claro aumento da consciencia nacionalista, aínda sen acadar os niveis do País Vasco ou Cataluña, entre a franxa de poboación nova —e particularmente entre a que se autoposiciona na esquerda do espectro político—, como indican algúns estudios: en 1990, un 13,6 por cento dos mozos galegos sentíase máis español que galego, un 38% tan galego coma español e un 44,9 por cento máis galego que español; igualmente, un 35,7 por cento desexaban máis autonomía cá actual, e un 6,6 por cento eran partidarios da independencia[48].

Estes datos distan aínda de ofrecer un panorama completo de *qué se senten os galegos*, mais polo menos fornecen unha indicación. A maiores, cómpre lembrar que os sentimentos de identidade nacional non son absolutos e predeterminados, senón que son cambiantes segundo as circunstancias políticas, económicas e sociais polas que atravesa unha colectividade determinada. Os comportamentos electorais observados en Cataluña e Euscadi amosan que o electorado vota con meirande preferencia polos partidos nacionalistas (e rexionalistas noutras CC. AA.) nos comicios autonómicos, mentres nas eleccións xerais mostra unha maior tendencia a votar por partidos de ámbito español; e así mesmo que aínda hoxe existe un predominio claro dunha dupla identidade fluctuante de fidelidade á nacionalidade "periférica" e a España no seu conxunto. Un fenómeno semellante, en diferentes medidas e proporcións, acontece en Galicia. A propia disparidade das porcentaxes de voto nacionalista entre eleccións xerais e autonómicas demostra que a base electoral do nacionalismo galego é aínda bastante fluída e se atopa en proceso de consolidación interna, se ben o seu fondo é duns 200.000 electores, arredor dun 13-15 por cento do electorado. Mais as súas fluctuacións poden ser relativamente grandes en función e factores conxunturais.

Facermos unha predicción da evolución futura do movemento nacionalista galego resulta sumamente aventurado. Non obstante, cómpre non esquecer que nunha sociedade como a galega, os niveis de asentamento e fixación das culturas políticas son aínda moi pri-

47. García Ferrando, M.; López-Aranguren E. e Beltrán, M. *La conciencia nacional y regional en la España de las autonomías*. CIS, Madrid, 1994, especialmente pp. 169-90; os resultados da última enquisa do CIS, realizada entre novembro e decembro de 1996, aparecen comentados en Bouza, F. "Galicia, a mirada interior", en *Tempos Novos* 1, 1997, 19-30.

48. Sabucedo, X. M.; Arce C. e Rodríguez, M. *Xuventude e política en Galicia*. USC, Santiago de Compostela, 1992, pp. 25-31. En 1993, outra enquisa daba resultados bastante semellantes: un 10% dos xoves sentíase só español ou máis español que galego; un 45% tan español coma galego, e un 40% máis galego que español, ou só galego: *vid. A Mocidade Galega*, pp. 236-37. Os mozos ferroláns no 1995 daban as seguintes porcentaxes: 14,1%; 50,7% e 32% (Leira, *op.cit.*, p. 123).

marios, entre outras cousas por estar sometida a un proceso de rápidos cambios sociais nos últimos 15 anos: un maior grao de urbanización, un avellentamento progresivo da poboación ocupada no sector primario e un retroceso dos hábitos rurais, factores que paradoxalmente poden incidir nun maior artellamento social e político da consciencia subxectiva e supralocal de *identidade galega* gracias ó aumento da comunicación social e mais á consolidación dun marco de intereses galego. E iso malia a proporción de galego-falantes ter diminuído entre as novas xeracións, particularmente no medio urbano e semiurbano, como amosan os inquéritos sociolingüísticos. Mais estes tamén mostran que esas mesmas novas xeracións gardan unha actitude máis favorable e libre de prexuízos cara ó idioma galego e ós sinais de identidade do país do que podían ter os seus pais e avós. En definitiva, trátase das xeracións educadas na autonomía...[49]

Ora ben, isto nos leva ó derradeiro dos paradoxos, polo menos en aparencia. A diferencia dos habitantes do Lea-Artibai (Biscaia), do norte de Gales ou da Cerdanya catalana, onde a presencia do idioma autóctono en zonas rurais se corresponde cunha clara sobrerrepresentación do voto nacionalista sobre a media, o labrego monolingüe en idioma autóctono das zonas interiores de Lugo ou Ourense non é o típico votante actual do nacionalismo galego (mapa 2). En troques, moitos dos mozos de extracción urbana que nos estadios de fútbol do Celta, do Compostela ou do Deportivo berran consignas independentistas non teñen na maioría dos casos o galego como lingua materna. Nacionalidade *subxectiva* e etnicidade *obxectiva* non van sempre unidas, nin tampouco no caso galego. O semanario nacionalista *A Nosa Terra* facíase eco de maneira realista, aínda que irónica, deste paradoxo en outubro de 1993:

> Din que con cada vello que morre, pérdese unha novela. En Galiza morre tamén un falante de galego, un probábel votante do PP ou do PSOE, un pensionista, un que espera que o cacique lle dea traballo ao neto antes de que se lle meta na droga, un que nunca fala da guerra pero que leva na memória o arrepío de ver ao curmán fusilado, deitado na cuneta.
>
> Con cada mozo, en cámbio, nace un falante do castellano, alguén que pasará tres horas diárias diante da televisión, un rapaz que xa non fala dos Reis Magos, pero que viu a Papá Noel no Corte Inglés, un afeizoado de Magic Johnson e Bebeto, un futuro parado, un probábel votante do BNG[50].

49. Cabrera Varela, X. "Las precondiciones sociales de la identidad colectiva en Galicia", *en Historia y Crítica* 4, 1994, pp. 209-38. Para a situación sociolingüística na Galicia actual, *vid.* os 3 volumes editados ata o de agora do *Mapa sociolingüístico de Galicia,* elaborado pola Real Academia Galega (vol. I, *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia,* 1994; vol. II, *Usos lingüísticos en Galicia,* 1995; vol. III, *Actitudes lingüísticas en Galicia,* 1996).

50. "Volver ao rego", en *A Nosa Terra* 592, 21-X-1993, p. 28.

Certo é que o galego é un idioma latino, a diferencia do éuscaro ou o gaélico, que pode ser adquirido por un castelán-falante sen grandes problemas e esforzos, o que tamén o converte nun posible vehículo de integración. E, dependendo da motivación dos cidadáns, nunha lingua recuperable en calquera ámbito social. Mais... ¿que ocorre se non se recupera?

¿Terá o nacionalismo galego que se propoñer, ó igual que está a facer o nacionalismo catalán de esquerda na actualidade ou fixo o Playd Cymru galés, que a nación galega a construír terá que aceptar tamén o castelán e, así mesmo, dar prioridade á definición cívica e voluntarista da nación sobre a compoñente cultural? ¿Ten vixencia, e cal, o concepto de soberanía tal e como se entendía ata o de agora, ou haberá que recoñecer que no mundo actual a soberanía é imperfecta?[51] ¿Ten aínda funcionalidade hoxe en día o modelo de organización frontista? ¿Que actitude adoptar perante o proceso de unión europea: cómpre continuar na liña de refugo actual, ou aceptala pragmaticamente?[52] Estes son só algúns dos varios dilemas que se lle presentarán ó nacionalismo galego, de xeito semellante que a todos os nacionalismos sen Estado da Europa occidental, no dealbar do século XXI.

X. M. N. S.

51. *Vid.* as reflexións a este respecto de Jordi Sánchez, e mesmo do derradeiro congreso de ERC, en *Debat nacionalista* 29-30, 1997. O nivel de reflexión interna do nacionalismo catalán, neste aspecto coma noutros, amosa un grao de pluralismo e vivacidade, e sobre todo unha falla de medo ó debate interno e de ideas que, polo de agora, brilla pola súa ausencia en Galicia.

52. No intre de corrixir as probas deste artigo (maio de 1998), podemos apreciar na ponencia política a debater pola VIII Asemblea Nacional do BNG (xuño de 1998) que o pragmatismo perante a consolidación da UE apunta como nova liña emerxente na estratexia política de organización.